

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNIS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 2 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca.*

Antecedentes.

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora Povolny* ou *Scrobipalopsis solanivora Povolny*, foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia en agosto do ano 2015.

A través da Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 209, do 3 de novembro), declarouse a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca, e estableceronse as zonas demarcadas para esta praga e as medidas uxentes para a súa erradicación e control.

Posteriormente producíronse novas deteccións deste organismo noutras zonas do territorio da comunidade autónoma, as cales foron actualizadas mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 38, do 25 de febreiro).

Con base nas prospeccións realizadas durante o ano 2016 para a detección e control deste organismo, faise necesario actualizar as zonas do territorio que se atopan afectadas por este organismo nocivo.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:

1. Establecer como zonas demarcadas pola existencia da praga denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia os concellos de Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón e As Pontes de García Rodríguez na provincia da Coruña e os concellos do Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo,



Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Ourol, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova na provincia de Lugo.

2. Manter as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca, se establecen as zonas demarcadas para esta praga e se adoptan medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

Belén María do Campo Piñeiro  
Directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

